

## PLAN RENOVE DE FIESTRAS 2009

### Obxectivo

O Plan Renove de Fiestras está incluído no Programa IDAE-INEGA 2009 de Axudas Públicas a Investimentos en Eficiencia Enerxética dentro do Plan de Acción 2008-2012 da E-4.

O fin deste plan é o de fomentar a **redución do consumo de enerxía** no sector doméstico a través da rehabilitación dos ocos acristalados de fachada, tanto no referente ó acristalamento como ós marcos ou perfís.

Estas axudas xestionaranse mediante a colaboración dos instaladores que decidan adherirse ó Plan e están destinadas a persoas físicas ou xurídicas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia. Serán subvencionables as novas fiestras ou portas-fiestras que separen estancias calefactadas do exterior e cumpran os seguintes requisitos:

- Dispoñer de marcado CE.
- Esixencias mínimas de eficiencia enerxética:
  - a) Opción A: Carpintería de madeira ou PVC e acristalamento que cumpra algún dos seguintes requisitos:
    - a.1.- Dobre acristalamento con cámara de 12 mm ou superior.
    - a.2.- Dobre acristalamento con cámara de 6 mm ou superior e con cristal exterior baixo emisivo (con emisividade menor ou igual a 0,1).
  - b) Opción B: Carpintería metálica con rotura de ponte térmica de 12 mm ou superior con dobre acristalamento con cámara de 6 mm ou superior e con cristal exterior baixo emisivo (con emisividade menor ou igual a 0,1).
- Dispoñer dunha persiana, contra ou cortinón completamente opaco capaz de cerrar toda a superficie da fiestra ou porta-fiestra (non se admitirán persianas venecianas, cortinas translúcidas,...), este elemento pode ser novo ou reutilizado da instalación anterior.
- Substituír a unha fiestra ou porta-fiestra anterior de igual ou superior tamaño.
- Execución da obra a partir do 1/12/2009.

Non son subvencionables os cerramentos acristalados que se instalen coa finalidade de pechar ambientes exteriores (terrazas e/ou tendedeiros) por non tratarse dunha renovación senón de modificacións na envolvente da vivenda. Tampoco son subvencionables os lucernarios da cuberta.

**Esta axuda é incompatible con calquera outra tramitada polo Inega para a mesma actuación.**

O prazo de presentación das solicitudes de axuda permanecerá aberto **dende o 1 de decembro de 2009 ata o día 30 de outubro de 2010** ou ata que se esgote o orzamento destinado a esta finalidade que ascende a 1.200.000 €. Eventualmente esta cantidade poderase ver incrementada coas cantidades sobrantes do Programa de Axudas Públicas ao aforro e eficiencia (E4+) reguladas pola Resolución do Instituto Enerxético de Galicia do 21 de outubro de 2009 publicado no DOG o 30 de outubro de 2009.

[Documento Completo do Plan Renove de Fiestras 2009 \[PDF\]](#)

#### **Corrección de erros**

O parágrafo onde pon: "Considéranse actuacións subvencionables aquelas que, cumprindo os requisitos antes descritos, reserven a partida de fondos correspondente e sexan realizadas a partir do 23 de novembro de 2009", debería poñer: "Considéranse actuacións subvencionables aquelas que, cumprindo os requisitos antes descritos, reserven a partida de fondos correspondente e sexan realizadas **a partir do 1 de decembro de 2009**".

#### **CONTÍA DA SUBVENCIÓN**

A contía da axuda ascenderá a un máximo de 100€/m<sup>2</sup> de fiestra, cuns límites de 5.000€ por vivenda unifamiliar e 100.000€ por bloque de vivendas (cun máximo de 5.000€ por referencia catastral) ou edificios do sector terciario. En calquera caso, a cantidade da subvención non poderá ser superior ao 25% do custo total da obra.